

P R E S E N T A C I Ó N

LVCENSIA, como miscelánea de cultura e investigación, ábrese a todo tipo de manifestación cultural. Hai bens patrimoniais de carácter tanxible e intanxible, bens culturais de carácter material e inmaterial; de todos eles se ocupa unha revista aberta a toda clase de manifestacións culturais.

Neste número de *LVCENSIA*, igual que nos demais números, encontrará o lector artigos de variada temática referentes a toda a xeografía provincial e diocesana.

Na cidade de Lugo podemos ver a historia da procesión de Corpus; así encontramos datos sobre o percorrido e modo de realizar a procesión, con especial referencia ás relacións entre o Concello e o Cabido catedralicio.

Tamén na cidade de Lugo, abordamos o tema da súa Banda Municipal de Música, a súa historia cos seus respectivos directores.

Seguindo na capital lucense, vemos unha mostra de arte nunha vidreira do Museo Provincial, encadrada no momento histórico dos artistas deste xénero.

E, como algo que afecta non só á Cidade senón á Diocese, introducímonos no seu episcopologio con documentos históricos referentes ó século VIII e que continuará en números posteriores da revista con tempos posteriores.

Facendo un percorrido polo resto da xeografía lucense, temos temas relativos a Sarria, Monforte de Lemos, Cervantes e O Corgo.

En terras de Sarria ubícase o santuario da Virxe dos Remedios, na parroquia de Cesar, obxecto de estudo, como mostra de relixiosidade popular.

En Monforte, e como referente á Casa de Lemos, vemos a situación da facenda señorial leiga, que poderíamos aplicar a Galicia a finais da Idade Moderna.

En Cervantes falamos da pervivencia da Vía Romana XIX e a súa influencia na vertebración das terras deste concello.

E no concello do Corgo sitúase un estudo dun aspecto de patrimonio inmaterial a través dun adiviñanceiro popular.

Un traballo sobre o vocabulario zoolóxico galego completa o contido dos estudos deste número 64 de *LVCENSIA*.

No apartado de TEXTO inclúense unhas poesías do sacerdote e poeta Teolindo Cortiña Toural, rememorando os cincuenta anos do seu falecemento.

E coma sempre, non falta a recensión dalgúns libros de publicación recente.

Gonzalo Fraga Vázquez